

CONTINÚA A HISTORIA

Aquí tes o comezo de varias historias para que ti as continúes de maneira diferente a como as podemos ver no libro:

O día de clase fora coma de costume: facer exercicios, corrixir deberes e memorizar información, moita información.

Sempre se puña moi nervioso e non sabía o porqué diso. Adecuou o seu paso ao dela, o xusto como para ir detrás e así poder ollala sen que se decatase.

Paso a paso, pensamento a pensamento, o perfil gastado da súa casa achegouse máis e máis.

Alí estaba, co teléfono nunha man mentres coa outra acompañaba a conversa con lixeiros movementos.

